

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 3 DE XUÑO DE 2024

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00024833Q.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 27 de maio de 2024.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00015539E.

Licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Monte da Vila s/n.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Susana Dosil Nuñez de data de visado do 24.03.2022 e a documentación presentada o 29.01.2024 e o 11.04.2024, cun orzamento de execución material de 180.000,00 €, a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Monte da Vila s/n, 15898, Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00045660D.

Licenza para a reconstrución de muro i execución de garaxe conxunto para as parcelas situadas na rúa dos Loureiros 27 e 29.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Carlos Romero Lage presentado o 24/10/2023, cun orzamento de execución material de 34.320,00 €, a reconstrución de muro i execución de garaxe conxunto para as parcelas situadas na rúa dos Loureiros 27 e 29 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00041522B.

Licenza para o proxecto básico de construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa Vite de Arriba 30.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais presentado o 02/10/2023 e a documentación complementaria presentada o 24/10/2023 e o 24/01/2024, cun orzamento de execución material de 124.500,00 €, a construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa Vite de Arriba 30 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00051088J.

Aceptar cesión de viario e licenza para o derribo parcial e reforma parcial dunha vivenda sita na travesa da Fervenza, 10.

Acordase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 16 de maio de 2023, outorgada ante o notario D^o Manuel Remuñán López, co número de protocolo 1028.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Elena López Fernández data de visado do 10/11/2022 e documentación presentada o 05/10/2023, 29/12/2023 e o 24/01/2024, cun orzamento de execución material de 98.855,00 €, o derribo parcial e reforma parcial dunha vivenda sita na travesa da Fervenza, 10 Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00004141R.

Licenza para a eliminación de barreiras arquitectónicas no edificio sito na avda de Romero Donallo 1-3-5.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto arquitecto Sebastian Ríos Ernst de data de visado do 16/01/2024, cun orzamento de execución material de 219.569,18 €, a eliminación de barreiras arquitectónicas no edificio sito na avda de Romero Donallo 1-3-5 Santiago de Compostela (A Coruña).

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00031622R.

Licenza para a instalación dun ascensor e acondicionamento da envolvente exterior do edificio de vivendas sito na rúa García Lorca, 18.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 27/11/2018 e o reformado de proxecto básico e de execución de data de visado do 29/02/2024 redactados polo arquitecto Jesús Carrillo Pena, cun orzamento de execución material de 65.242,60 €, a instalación dun ascensor e acondicionamento da envolvente exterior do edificio de vivendas sito na rúa García Lorca, 18 Santiago de Compostela (A Coruña).

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00018116T.

Rectificar acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/02/2024 Licenza proxecto básico para a construción de edificio na parcela R.8.4 Polígono B SUNP-6 San Lázaro.

Acórdase rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do concello de Santiago de Compostela na sesión do 05/02/2024 no sentido de aclarar e para facer constar que onde di “ ..2 plantas ...” debe decir “...3 plantas... .” ratificando as restantes disposicións da resolución concedida.

9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00055592D.

Rexeitar recurso de reposición contra o acordo de Xunta de Goberno Local do 26/12/2023 de denegación de licenza para a construción de edificio na rúa Restollal.

Acordase rexeitar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de decembro de 2023 de denegación da licenza solicitada para a construción dunha edificación destinada a 21 vivendas libres, 6 vivendas protexidas, 12 unidades de residencial comunitario, 4 oficinas, 2 locais comerciais, garaxes e trasteiros na manzana comprendida nas rúas Restollal, Josefa García Segret, Alejandro Pérez Lugin e Manuel Vazquez Cacharrón Santiago de Compostela (A Coruña).

10. ÁREA IV: URBANISMO E INFRAESTRUTURAS . Referencia: 2024/00024497W.

Protocolo de colaboración entre o Concello e Cogami, para a participación no “PROYECTO RUMBO: HACIA UN MODELO DE AUTONOMÍA PERSONAL CONECTADA E INCLUSIVA

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do protocolo de colaboración entre o Concello e Cogami, para a participación no “PROYECTO RUMBO: HACIA UN MODELO DE AUTONOMÍA PERSONAL CONECTADA E INCLUSIVA” que se levou a cabo con data 24 de maio 2024.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00032984Y.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva para responder do contrato de “Realización do Servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais” CON/38/16

Acórdase autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa *LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO SA*, por importe de 55.078,95 euros (Avalista: *LIBERB ANK, S.A.* para responder do contrato de “Realización do Servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais” CON/38/16.

12. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2024/00023180L.

Acordo da XGL de aprobación da certificación final da obra de "NIVELACION E APORTE DE MATERIAL NA PARCELA DA AVD DO MESTRE MATEO 41"- F/2024/1707 unha vez levantado o reparo 471/2024 pola alcaldesa.

Acórdase aprobar a certificación final das obras de nivelación e aporte de material na parcela da avda. do Mestre Mateo 41, no termo municipal de Santiago de Compostela, F/2024/1707, expedida por *EXCAVACIONES MIDON SL*, por un importe de 37.447,99 €, IVE engadido.

13. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2023/00047579L.

Aprobación certificación 5 final da obra Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP-25 Roxos-Quintáns.

Acórdase:

1. Aprobar a certificación 5 FINAL da obra de “Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP-25 Roxos-Quintáns”.
2. Aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación número 5 FINAL da obra “Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP-25 Roxos-Quintáns”, coa correspondente factura número F/2024/1197 por importe de 14.869,04 euros, IVE incluído, expedida pola empresa *ALCOMTE GALICIA S.L.*

15. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2024/00024172E.

Programa Arqa

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar a adhesión ao Convenio de colaboración coa Federación de Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a implantación do sistema de xestión documental ARQA nos arquivos públicos municipais.

Segundo.- Asinar o ANEXO I do Convenio de colaboración coa Federación de Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a implantación do sistema de xestión documental ARQA nos arquivos públicos municipais.

16. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2024/00024176A.

Depósito documentación Arquivo Universidade Santiago

Acórdase aprobar o envío, dende o Arquivo Municipal ao AHUS, en depósito, da documentación seleccionada.

17. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2024/00024210Z.

OFI S/2024/58 con dúas (2) facturas expedidas por LOS ANGELES GAS SL

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (1.957,20 €), segundo relación contable de facturas S/2024/58 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2024/919 por un importe de 937,20 euros) e remata pola factura número F/2024/1550 por un importe de 1.020,00, todas elas en concepto de subministración de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre febreiro e abril de 2024.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

18. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2024/00024203F.

OFI 385/2024 ao CX37 para F/2024/1551 expedida por LOS ANGELES GAS SL

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CINCOCENTOS TRINTA EUROS (1.530,00 €) segundo factura número contable F/2024/350 que se achega no expediente, emitida pola empresa Los Ángeles Gas, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

19. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2024/00024281Q.

OFI 344/2024 ao CX37 para S/2024/39 con dúas (2) facturas emitidas por Recambios Santiagueses

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de TRES MIL SEISCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (3.642,71 €), segundo relación contable de facturas S/2024/39 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2024/663 por importe de 57,06 euros, e remata pola factura número F/2024/671 por importe de 3.585,65 euros, todas elas emitidas pola empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

20. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2024/00023986C.

OFI S/2024/350

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CATROCIENTOS OITENTA E CINCO EUROS (1.485,00 €) segundo factura número contable F/2024/350 que se achega no expediente, emitida pola empresa Los Ángeles Gas, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

21. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2024/00023981S.

OFI F/2024/662

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de CENTO VINTE E CINCO EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (125,84 €), segundo factura número F/2024/662 que se achega no expediente, emitida pola empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L., en concepto de subministración de material de recambios para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de xaneiro do ano 2024.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

22. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2024/00023974P.

OFI S/2024/30

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de VINTE MIL VINTE DE DOUS EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (20.022.69 €), segundo relación contable de facturas S/2024/30 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2024/375 por un importe de 973,17 euros emitida pola empresa Los Ángeles Gas, S.L. e remata pola factura número F/2024/1319 por un importe de 1.020,00 euros emitida pola empresa Los Ángeles Gas, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

23. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: 2024/00024727W.

OFI por importe de 1.307,43 euros por servizo de fotocopiadoras en diversas instalacións do Concello

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL TRESCENTOS SETE EUROS CON COARENTA E TRES CÉNTIMOS (1307,43 €), que comeza pola factura núm. F/2024/402 por importe de 414,73 €, emitida por FRANCISCO ARENAS RAMÍREZ e remata pola factura núm. F/2024/661 por importe de 228,63 €, emitida por la TECLA SANTIAGO SL.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

24. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: 2024/00024769K.

OFI 3 por importe de 474,37 euros de 9 facturas expedidas por varias empresas en concepto de servizo de fotocopiadoras en diversas instalacións do concello

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATROCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (474,37 €), que comeza pola núm. F/2024/844 por importe de 81,89 euros

emitida por Ricoh España SLU e remata pola núm. F/2024/966 por importe de 62,87 euros, emitida por SOLITIUM SL.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

25. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2024/00024617F.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda facturación emitida por Talleres Electrotécnicos de Pontevedra S.C. (TALPO) en concepto servizo radiocomunicacións trunking Concello de Santiago abril do ano 2024

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación do gasto por importe de **MIL SEISCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON TRES CÉNTIMOS (1638,03 €)** segundo relación contable relativa á factura **F/2024/1978** expedida por TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA SC, por un importe de 1.638,03€ en concepto de servizo de comunicacións trunking correspondente a abril de 2024.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

26. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2024/00023972Y.

OFI en relación á factura de SCI de marzo do 2024.

Acórdase:

Primeiro: validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano e calesquera outras infraccións nos ámbitos de seguridade, mobilidade, medio ambiente e servizos comunitarios do Concello de Santiago de Compostela, correspondente ó mes de marzo de 2024.

Segundo: autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de corenta e oito mil cincuenta euros con vinte céntimos (48.050,20€), a prol da entidade SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL con imputación orzamentaria 060 93200 227060 do orzamento.

Terceiro: dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar este prexuízo.

27. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00003838C.

Aprobación das listaxes definitivas de admitidos/as, excluídos/as e listaxe de agarda nas escolas infantís municipais de Conxo, as Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2024-2025.

Acórdase aprobar a relación definitiva de admitidos/as, excluídos/as e listaxe de agarda nas escolas infantís municipais para o curso 2024-2025, na que se inclúen na listaxe de agarda as familias que obtendo praza quedan en listaxe na súa 1ª opción.

28. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00024009C.

Aprobación dos membros do xurado da XVII edición do Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados (2024).

Acórdase aprobar os membros do xurado do XVII edición do Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados (2024), segundo os criterios de traxectoria profesional no mundo da ilustración, do deseño e da literatura infantil e xuvenil, que son os seguintes:

PRESIDENTE:

A Alcaldesa do Concello de Santiago de Compostela e por delegación a, concelleira delegada de Educación.

VOGAIS:

Ana Garralón

Natalia Colombo

André Letria

Xosé Cobas Gómez

Manuela Rodríguez

SECRETARIA DO PREMIO:

Técnica do Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela.

29. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00019051F.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade Fundación Monte do Gozo pola contía de 45.000,00 €

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Fundación Monte do Gozo con pola contía de 45.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800020, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024 (artigos 31, 32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

30. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00020790K.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Dano Cerebral de Compostela. SARELA, pola contía de 5.000,00 €.

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Dano Cerebral de Compostela. SARELA, pola contía de 5.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800005, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024-artigos 31,32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII-, favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2024.

31. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00018508Q.

Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela de data 30/05/2024 para o financiamento de: 1. “Programa Atención Primaria-Interparroquial Santiago. 2. Programa Alares de Inclusión Residencia.- Liña de Vivendas de Transición á Autonomía” pola contía de CENTO VINTE MIL EUROS (120.000,00 €).

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela de data 30/05/2024 para o financiamento de: 1. “Programa Atención Primaria-Interparroquial Santiago. 2. Programa Alares de Inclusión Residencial.- Liña de Vivendas de Transición á Autonomía” pola contía de CENTO VINTE MIL EUROS (120.000,00 €).

32. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00016103A.

Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación “Fonte da Virxe” de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais de data 13/05/2024 para o financiamento do “Programa de Respiro Familiar, Ocio e Benestar” pola contía de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €)



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

€).

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación “Fonte da Virxe” de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais con data 13/05/2024 para o financiamento do “Programa de Respiro Familiar, Ocio e Benestar” pola contía de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €).

33. COMERCIO. Referencia: 2024/00001313W.

Aprobación da concesión e xustificación dos premios do concurso de escaparates de Nadal 2023/2024

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a concesión e xustificación dos seguintes premios do concurso de escaparates de Nadal 2023 polos importes e ás persoas que seguen:

RAZÓN SOCIAL	PREMIO	CONTÍA (€)
MANANT, SC	1º	2.000
A TENDA DA CALDEIRERÍA, SC	2º	1.500
PATRICIA PEITEADO CONSTENLA	3º	1.200
JAEL JOYERÍA, SL	4º	1.000
JUCARCHE, SL	5º	750
SASERADE, SC	6º	500

A suma total dos premios a conceder ascenden a 6.950,00 euros e van con cargo á aplicación orzamentaria 020 43100 4790000.

Segundo: Aprobar o compromiso do gasto e o recoñecemento da obriga a favor das persoas e polos importes indicados no punto primeiro desta proposta de resolución, con cargo á aplicación orzamentaria 020 43100 4790000.

34. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00024833Q.

Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas.

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 24 e o 30 de maio de 2024.

URXENCIAS

35. DEPORTES. Referencia: 2024/00020375C.

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Gallega de Judo y Disciplinas Asociadas para o ano 2024.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa **FEDERACIÓN GALLEGA DE JUDO Y DISCIPLINAS ASOCIADAS.**

2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de **6.000 €** con cargo á aplicación 070 34100 4890014, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión ordinaria que tivo lugar o 20 de marzo de 2024. |

36. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2024/00025058B.

OFI 515/2024 para a factura F/2024/1440 - CX37 |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe total de CENTO DEZASEIS EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (116,16 €), segundo número contable de factura F/2024/1440 que se achega no expediente, emitidas pola empresa Sistemas de Seguridade A-1, SL.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo. |

37. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2024/00024945J.

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da F/2024/2216 expedida pola UTE SAWATCO IBERICA SLU - ATOMO ESTUDIO TECNICO por importe total de 10.519,84 euros en concepto de Servizo de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeadado público exterior do concello de Santiago de Compostela correspondente ao período mes de abril de 2024 Certificación nº 5 |

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente polos gastos derivados da factura F/2024/2216 expedida por SAWATCO IBERICA SLU - ATOMO ESTUDIO TECNICO SL UNION TEMPORAL DE EMPRESAS por importe total de 10.519,84 euros en concepto de servizo de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeadado público exterior do concello de Santiago de Compostela (CON2023000017), emitida o 16/05/2024.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total 10.519,84 euros, correspondentes á factura F/2024/2216 expedida por SAWATCO IBERICA SLU - ATOMO ESTUDIO TECNICO SL UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, en concepto de servizo de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeadado público exterior do concello de Santiago de Compostela, emitida o 16/05/2024.

3. Importe total da prestación realizada: 10.519,84 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 040 16500 2270600.

38. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00018152M.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Escuela de Tiempo Libre Don Bosco de data 30/05/2024 |

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Escuela de Tiempo Libre Don Bosco de data 30/05/2024 para o financiamento do *“Proxecto de Intervención educativa e integración no tempo libre: “Un lugar para ti”* pola contía de CINCO MIL EUROS (5.000 €). |

39. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00017933Q.

Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela de data



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

30/05/2024.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela de data 30/05/2024 para o financiamento do programa: “*Quenda de letrados/as especializados/as en Dereito Administrativo e Laboral para prestar asistencia e asesoramento xurídico na vía previa administrativa e laboral*” por importe de 2.000 euros (DOUS MIL EUROS).

40. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00009416Z.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 059/2023 CA2 sobre responsabilidade patrimonial por accidente de motocicleta

Sentenza nº 130/2024

PA 059/2023 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por accidente de motocicleta. Contía de 8.577,19 euros.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para a súa execución.

41. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013730E.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 180/2024 CA2 sobre desestimación por silencio de recurso de reposición interposto contra liquidación en concepto de IIVTNU.

Resolución: Auto nº 82/2024 do 16.05.2024

Procedemento: Procedemento Abreviado 180/2024 do Xulgado Contencioso administrativo nº 2

Obxecto: Desestimación por silencio de recurso de reposición interposto contra liquidación en concepto de IIVTNU.

Contía reclamada: 1.501,03 euros.

O Auto Declara terminado o presente procedemento por mor do recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da demandante e ordena o arquivo das actuacións.

Contra dito Auto cabe interpor recurso de reposición que non impedirá que se leve a cabo o nel acordado.

Acórdase

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de xestión tributaria para os efectos do seu coñecemento

42. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00024014W.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PA 137/2023 CA2 sobre sanción por incompleta identificación de condutor infractor

Sentenza nº 126/2024

PA 137/2023 CA2

Obxecto: sanción de 900 euros por incompleta identificación de condutor infractor.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para a súa execución

43. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013940W.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Tomar coñecemento do auto recaído PA 179/2024 ca2 sobre desestimación por silencio de recurso de reposición interposto contra liquidación en concepto de IIVTNU

Resolución: Auto nº 88/2024 do 16.05.2024

Procedemento: Procedemento Abreviado 179/2024 do Xulgado Contencioso administrativo nº 2

Obxecto: Desestimación por silencio de recurso de reposición interposto contra liquidación en concepto de IIVTNU.

Contía reclamada: 817,97 euros

O Auto Declara terminado o presente procedemento por mor do recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da demandante e ordena o arquivo das actuacións.

Contra dito Auto cabe interpor recurso de reposición que non impedirá que se leve a cabo o nel acordado.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento de xestión tributaria para os efectos do seu coñecemento.

44. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013473H.

Tomar coñecemento do auto recaído no PA 170/2024 ca2 sobre desestimación por silencio de recurso de reposición interposto contra liquidación en concepto de IIVTNU

Resolución: Auto nº 86/2024 do 16.05.2024

Procedemento: Procedemento Abreviado 170/2024 do Xulgado Contencioso administrativo nº 2

Obxecto: Desestimación por silencio de recurso de reposición interposto contra liquidación en concepto de IIVTNU.

Contía reclamada: 526,81 euros

O Auto Declara terminado o presente procedemento por mor do recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da demandante e ordena o arquivo das actuacións.

Contra dito Auto cabe interpor recurso de reposición que non impedirá que se leve a cabo o nel acordado.

Acórdase

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento de xestión tributaria para os efectos do seu coñecemento

45. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013475C.

Tomar coñecemento da resolución xudicial recaída no PA 167/2024 CA2 sobre desestimación por silencio de recurso de reposición interposto contra liquidación en concepto de IIVTNU


Resolución: Auto nº 87/2024 do 16.05.2024

Procedemento: Procedemento Abreviado 167/2024 do Xulgado Contencioso administrativo nº 2

Obxecto: Desestimación por silencio de recurso de reposición interposto contra liquidación en concepto de IIVTNU.

Contía reclamada: 4.098,53 euros

O Auto declara terminado o presente procedemento por mor do recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da demandante e ordena o arquivo das actuacións.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Contra dito Auto cabe interpor recurso de reposición que non impedirá que se leve a cabo o nel acordado.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de xestión tributaria para os efectos do seu coñecemento.

46. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00024450R.

Toma de coñecemento do Decreto de desistimento decaído no SSS 190/2024 Social 4 sobre reclamación de dereito e cantidade por diferencias na prestación de IT derivada de enfermidade común.

Resolución: Decreto do 29.04.2024

Procedemento: Procedemento de Seguridade Social 190/2024 do Xulgado do Social nº 4

Obxecto: Reclamación de dereito e cantidade por diferencias na prestación de IT derivada de enfermidade común.

O Decreto ten por desistido ao demandante da súa demanda respecto ao demandado Concello de Santiago e da súa demanda respecto á demandada empresa Servizos de Colaboración Integral SL, manténdose a demanda respecto ao resto das demandadas. Contra dito Decreto cabe interpor recurso de revisión no prazo de 3 días, que deberá expresar a infracción cometida ao xuízo do recorrente.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de persoal para os efectos do seu coñecemento.